

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE MARZO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de marzo de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Irmáns Carro, número 6.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento das parcelas matrices 496 e 497, polígono 152, de Miñao, Parroquia de Piñeiro, para rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional en Ribeira, número 8, Parroquia de Santalla de Cuiña; para instalación dun tótem publicitario, en parcela R, rúa A, esquina rúa D, do Parque Empresarial As Gándaras; para modificacións en edificación con licenza de obras número 616/11, consistentes na rehabilitación de cuberta, taboados e lousa, para uso de muíño, sito en Vilar, número 16, Parroquia de Bocamaos, San Xillao; para cambio de uso de planta baixa comercial a garaxe aparcadoiro en grao 1º - situación B, no edificio con licenza número 180/65, sito na rúa Río Lor, números 9-13 e para legalización de reforma de fachada en vivenda unifamiliar con licenza 1405/2010, sita en solo urbano na rúa Bataneira, número 3.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito á escola infantil “Serra de Outes” e a aprobación da forma de compensación.

Código Seguro de verificación:c8SLByJT9fy3Ae+nh97Ncg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		FECHA	12/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	c8SLByJT9fy3Ae+nh97Ncg==	PÁGINA	1/2



ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos correspondente á autorización do aproveitamento especial de varios espazos de dominio público municipal na rúa San Marcos do Concello de Lugo, mediante a instalación de terrazas e cadeiras (terrazas números 1 e 3) para o período que vai entre o 6 de marzo de 2013 e o 5 de marzo de 2014.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación de vinte e dúas prazas de centro de día para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna. proposta de e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación para a adquisición de papel, tamaños A4 e A3, para as fotocopiadoras e impresoras deste concello, mediante acordo marco, a través de procedemento negociado e a apertura do procedemento de contratación.

4. FACENDA LOCAL.- Estimase o recurso de reposición interposto contra a liquidación número 6019437 (31/2013), xirada pola solicitude de licenza de obras de acondicionamento de pavimentos na Biblioteca pública provincial de Lugo, sita na avda. Ramón Ferreiro, 10, por importe de 10.890,19 €.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para construción de nave en Fazai, Carballido.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Dáse conta do escrito presentado pola funcionaria dona Ana Isabel Sáez Mancebo.
- Acórdase a aprobación do III Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo 2012-2015. actualización ano 2013.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:c8SLByJT9fy3Ae+nh97Ncg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	12/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	c8SLByJT9fy3Ae+nh97Ncg==	PÁGINA	2/2


c8SLByJT9fy3Ae+nh97Ncg==